







A sombra descalza

An Alfaya

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *A sombra descalza*
Autor: An Alfaya
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 144
ISBN: 97884-9782-426-1
PREMIO LAZARILLO 2005



A AUTORA

AN ALFAYA (Vigo, 1964)

Estuda maxisterio e criminoloxía. Traballa como detective privado.


Interesada pola dramaturxia, ademais de escribir pezas e obter premios de teatro infantil, é cofundadora do Teatro Avento.

2

Conta coas obras infantís *O maquinista Antón*, *O caderno azul*, *¡Sireno, sireno!* (premio Merlín 1997), *A recortada*, *Bua-Bua-Requetebua*, *O baúl de Wensel*, *A estrela volarina da torre colarina*, *Down*, «A muller prohibida» (conto incluído no volume *Historias para calquera lugar*), *A encontradora*, *O cero escuro*, *Buguina namorada*, *Unha xanela para Cecilia*, *Os seres con raíces na cara* e *Zoa é Azor* finalista do premio Ala Delta).

Para adultos ten escrito *Desventura* e *Matei un home*, accésit de Novela por Entregas *La Voz de Galicia*.





O LIBRO

Premio Lazarillo 2005.


Unha adolescente vai descubrindo os segredos que camiñan pola casa familiar entre o silencio. A violencia da guerra e unha posguerra chea de dor, as feridas que non se dan pechado e as mulleres da familia arrastrando cargas demasiado pesadas.

A rapaza que coñecemos ao principio do relato non será a mesma ao remate.



TEMAS E VALORES

- *As relacións familiares*
- *A guerra civil e a posguerra.*
- *Os tempos da fame*
- *A dignidade*
- *Literatura de mulleres*
- *Educación para a igualdade*
- *A emigración*
- *Segredos e misterios*



ACTIVIDADES

* As actividades que se propoñen, a continuación están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

ANTES DA LECTURA:

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Xogamos co título, cambiando determinadas palabras. Pensamos se este título nos lembra outros.
- Escribimos un texto que leve o mesmo encabezado.
- A lectura do texto que aparece na contraportada axudaranos a adiantar o tema e o argumento do mesmo. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos acerca desta temática, falamos doutros libros que tamén a trataran.
- Identificamos a autora e comentamos o que saibamos acerca dela; podemos axudarnos coa lectura do apartado que leva o título «A autora» para falar doutros libros que leramos dela.
- Realizamos unha busca na rede por se atopamos algo diferente co que completar esta biobibliografía.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Repasamos o apartado «Últimos libros da colección» para facer memoria.
- O libro conta co premio Lazarillo, o que será unha boa ocasión para poñernos ao tanto deste certame e de quen o recibiu con anterioridade.
- Comentamos a dedicatoria e, unha vez lida a novela, pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con que palabras.
- O libro conta cunha cita, neste caso é dunha canción. Tamén isto nos pode levar a buscar citas que nos chamasen a atención. Da mesma maneira que buscaremos os datos sobre o premio Lazarillo en Internet, podemos buscar páxinas de citas na web, que nos darán bastante que ler.

4

AO LONGO DA LECTURA:

- Identificamos quen conta a historia.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chamaron a atención porque describían sensacións e sentimentos, lugares e situacións, persoas e obxectos... e que queremos compartir cos nosos compañeiros e compañeiras.


- Situamos a narración no tempo histórico.
- Unha vez lido cada capítulo poñémoslle o título que nos parece máis axeitado.
- Observamos cada un dos personaxes e imos tomando notas que os definan.
- Explicamos a frase «A guerra é unha femia maldita que casa coa morte» e elaboramos outras definicións da guerra.
- Vaíamos describindo e enumerando os segredos da familia.
- Elaboramos o campo semántico da novela, buscando aquelas palabras que nos resulten máis definitivas da mesma.
- Eliximos o personaxe co que máis nos identificamos e argumentamos a elección.
- Indaguemos acerca do estraperlo.
- O pai de Elsa di nun momento determinado: «(...) e nas guerras sempre hai dous bandos, e os dous sofren polas súas razóns». Argumenta o teu acordo ou desacordo con esta afirmación.
- Noutro momento di «Os teus avós foron crueis porque outros se ensañaron cos seus, e descargaron a súa ira nun ser indefenso do seu propio sangue». Expliquemos todo o que pode agacharse detrás desta frase.
- Non hai vítimas sen verdugos, pero ás veces é difícil saber onde está o límite. Falemos acerca disto en relación a esta historia ou outras que poidan ocorrérenos.
- Buscamos diferentes recursos literarios: comparacións, imaxes, metáforas, personificacións...
- Documentámonos acerca da guerra civil e dos tempos da ditadura.
- Realicemos un debate acerca dos roles diferentes que lle correspondeu representar a homes e mulleres ao longo da historia e na actualidade.
- Busquemos exemplos prácticos nos que sexa certa a frase «A verdade, ás veces, doe».
- Mulleres que gardan os reproches que queren facerlles aos seus homes, esperando a que os fillos medren, e aínda daquela nunca atopan o intre de falarlles e recuperar a dignidade. Algo diso atopamos neste texto e, posiblemente, tamén na realidade. Opinemos.
- Mulleres que acadan os mandatos doutras mulleres e calan converténdose en sombras descalzas e silenciosas. Sigamos opinando.
- Mulleres que ocultan os seus sentimentos. ¿Que opinamos acerca disto? ¿Podemos dicir que xa deixou de ser verdade?
- Mulleres casadas con vellos ricos que viven amargadas e espiadas ¿Hai diso ou xa cambiaron os tempos? ¿Cambiaron en todas partes ou só en determinados países?
- Seguimos arredor deste tema: ¿Por que se lles culpa sempre a elas? ¿Por que pagan elas? ¿Por que son elas as depositarias dos segredos, o silencio, os misterios...?
- Na guerra houbo vencedores e vencidos, pero elas parecen sempre vencidas, tamén polos derrotados, sempre vítimas incluso das do seu sexo. Razoemos esta análise que coloca sobre a mesa a explotación de clase e a sexual.
- Na novela hai unha serie de elementos simbólicos coma esa cantidade de zapatos

gardados nos caixóns que nunca se utilizaron ou as chaves que ten o que ten o poder. Busquemos algún máis.

- Cando a protagonista entra no cuarto de Sagrario atopa o reloxo que segue andando cando a súa dona xa está morta, «contrariamente ao tic tac do seu corazón», di. Esa imaxe pode lembrarnos outras.
- Tamén se pode ler na cara das persoas, atender aos seus acenos, tal como facía Florinda co carteiro. Realicemos un código de sinais corporais e comprobaremos que non son poucas.
- «Na familia sobra soberbia e faltaba humildade, igual que sinceridade que aireara a casa.» Pode ser unha frase definitoria desta historia. Agora, buscamos nós unha máis axeitada.
- No texto podemos atopar unha serie de datos sobre estereotipos sexuais como ≤«Bieito era dos que pensaban que muller calada vale por dúas». Identificamos, no relato, outras expresións ou feitos que denoten prexuízos.
- Valoramos se determinadas situacións ou personaxes son ou non sexistas.
- «Os emigrantes queren saber dos que procuramos manter vivo o lugar... Algúns desexan volver, así sexa para morrer». A partir deste fragmento podemos realizar un coloquio sobre a emigración, a xente que coñecemos que emigrara, a oleada de inmigración da que somos testemuñas neste momento, etc.
- Noutro momento dise «A terra dun, que tira que dá gloria». Se temos ocasión podemos realizar entrevistas a emigrantes galegos na América ou en Europa e tamén a inmigrantes que viven en Galicia, para que nos expliquen as razóns polas que tiveron que emigrar e os sentimentos que isto lles causou.
- Se tivesemos que buscar un cacique na novela, ¿cal sería? ¿Por que?
- A tía avoa Sagrario metida nun nicho en vida, a tía Florinda nunha cárcere... Vexamos como poderíamos sintetizar a situación dos demais personaxes.
- Na novela atopamos moitos detalles de crueldade, pero tamén algún de tenrura e afecto. Comentémolos.
- As cartas son segredos –a correspondencia inviolable– e tesouros que alguén garda. Animémonos a escribir as cartas que nos gustaría recibir.
- Entre os personaxes da novela e entre os habitantes do mundo están os que condenan e tamén os que consinten. Reflexionemos sobre a responsabilidade de cada un deles.
- A novela tamén nos conta unha historia de amor imposible, un fatalismo cruel coma un mal fado parece empeñado en non deixalos ser felices. Examinemos as diferentes historias de amor que se nos contan.
- Nun momento determinado, Elsa repasa a vida de cada unha das mulleres desa casa e pensa tamén na súa vida e o seu futuro. Busquemos ese texto. Posteriormente, unha vez rematada a novela poderemos continuala escribindo a historia de Elsa.

DESPOIS DA LECTURA:

- Criticamos o comportamento dun personaxe e defendemos as ideas ou actos doutro.
- Argumentamos a opinión persoal sobre o libro.
- Comentamos os valores que defende a autora por medio da obra.
- Seleccionamos as ideas que nos teñan maior interese.
- Contamos esta historia ao noso xeito.
- Esta novela podería dar un bo guión para cine. Pensemos en como realizalo, por onde comezar, cal podería ser o reparto e a ambientación...
- Tamén poderíamos pasala a cómic ou fotonovela. Elixamos os momentos que nos parecen máis plásticos.
- Tal vez sexa máis doado escribir unha peza teatral baseada nesta novela. ¡Probemos!
- Esta é unha desas novelas que se poderían relacionar coa recuperación da memoria histórica. Busquemos outras, leámolas e comparemos.
- Se este libro nos gustou, escribimos un texto recomendando a súa lectura. Tamén podemos localizar outros desta autora para continuar lendo.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2007
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007
Depósito legal: VG. 55-2007